#### SUPLEMENTOS

\* Saídas das estacións..... 0,54 euros

\* Equipaxes (maleta ou vulto)..... 0,54 euros

SEGUNDO.-A vixencia das tarifas aprobadas para o ano 2012 manterase ata a súa modificación polo procedemento legal e regulamentariamente establecido.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo ás asociacións profesionais de traballadores e empresarios do taxi e ás de consumidores e usuarios, así como ordenar a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo para que, en trámite de audiencia e información pública e por un prazo de quince días hábiles, os interesados poidan presentar cantas alegacións e suxerencias teñan por convenientes.

CUARTO.- De non presentarse alegacións ou suxestións no prazo de audiencia, dar traslado do presente acordo á Dirección Xeral de Innovación e Industria da Xunta de Galicia para a autorización dos prezos máximos do servizo de transporte en autotaxi, como trámite previo á aprobación definitiva polo Excmo. Concello Pleno.”

Lugo, 15 de decembro de 2011. O SECRETARIO XERAL DO PLENO;Asdo.:José Antonio Carro Asorey

R.5990

## MONFORTE DE LEMOS

### Anuncio

O Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 7 de novembro de 2011, aprobou provisionalmente a modificación das seguintes ordenanzas fiscais:

- Ordenanza Xeral dos Ingresos Municipais de Dereito Público
- Ordenanza 1.2 Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis
- Ordenanza 1.3 Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras
- Ordenanza 1.4 Reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica
- Ordenanza 1.5 Reguladora do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana
- Ordenanza 2.2 Reguladora da Taxa pola prestación de servizos no cemiterio municipal
- Ordenanza 2.3 Reguladora da Taxa por recollida, tratamento e eliminación lixo
- Ordenanza 2.4 Reguladora da Taxa por prestación de servizos no mercado ou praza de abastos e nos seus espazos e servizos anexos
- Ordenanza fiscal 2.5. reguladora da Taxa polo servizo de vertedoiro de residuos da construción e demolición de Monforte Lemos
- Ordenanza 2.7 Reguladora da Taxa polo servizo de inmovilización, retirada ou depósito de vehículos abandonados ou estacionados defectuosa ou abusivamente na vía pública
- Ordenanza 2.9 Reguladora da Taxa de rede de sumidoiros e depuracións
- Ordenanza 2.12 Reguladora das Taxas para o estudo, análise e expedición de documentos
- Ordenanza Reguladora da Prestación do servizo de Escolas Deportivas Municipais
- 
- Ordenanza Reguladora da Taxa polo abastecemento auga
- Ordenanza 3.1 Reguladora da Taxa por estacionamento nas vías públicas dos autotaxis e demais vehículos de aluguer
- Ordenanza 3.3 Reguladora da Taxa polo aproveitamento especial do dominio público local con portadas, escaparates, vitrinas, marquesiñas, toldos, pavimentos e outras instalacións semellantes que voen sobre a vía pública ou sobresaian da liña da fachada
- Ordenanza 3.5 Reguladora da Taxa por ocupación de terreos de uso público con mercadorías, materiais de construción, valos, puntais, cabaletes, estadas e outras instalacións análogas
- Ordenanza 3.6 Reguladora da Taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa
- Ordenanza 3.7 Reguladora da Taxa por instalación de quioscos na vía pública
- Ordenanza 3.8 Reguladora da Taxa por ocupación de subsolo, solo e voo da vía pública
- Ordenanza 3.9 Reguladora da Taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e reserva de espazo na vía pública para aparcamentos exclusivos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase
- Ordenanza Reguladora da Taxa pola utilización de Edificios Municipais
- Ordenanza Reguladora da Taxa pola utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas

Posto que non se presentaron alegacións no prazo de exposición pública, de conformidade co que dispoñen os artigos 17.3 e 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da

Lei Reguladora das Facendas Locais, quedan elevados a definitivos o acordos provisionais, e procédese a súa publicación:

#### ORDENANZA XERAL DOS INGRESOS MUNICIPAIS DE DEREITO PÚBLICO

1) Modifícase o artigo 4 “Beneficios Fiscais” quedando redactado do seguinte xeito :

##### “ARTIGO. 4 BENEFICIOS FISCAIS

A solicitude de beneficios fiscais formularase de modo e no prazo fixado legalmente ou nas Ordenanzas Fiscais. A concesión ou denegación de exencións, reducións ou bonificacións axustarase á normativa específica de cada tributo e as prescricións establecidas na Ordenanza fiscal correspondente, sen que en ningún caso poida admitirse á analoxía para estender mais alá dos seus termos estritos no ámbito das exencións e bonificacións

Os beneficios fiscais que operan por previsión legal sen necesidade de solicitude, aplicaranse de oficio en beneficio dos interesados cando concorran as condicións que os xustifiquen

Aquelas exencións ou bonificacións que teñen carácter rogado deberán ser solicitadas, mediante instancia dirixida ao Alcalde, que deberá acompañarse do fundamento que o solicitante considere suficiente

Con carácter xeral, a concesión de beneficios fiscais non terá carácter retroactivo, polo que no caso de concederse, os seus efectos comezarán a operar dende o momento no que por primeira vez teña lugar o devedo do tributo con posterioridade á data da solicitude do beneficio fiscal

Non obstante, cando a solicitude se formule antes de que a liquidación quedase consentida e firme, poderanse aplicar os beneficios fiscais no propio exercicio da solicitude sempre que na data do devedo do tributo concorresen os requisitos acreditativos”

2) Modifícase o antigo artigo 6 “Enderezo Fiscal” que pasa a ser o actual artigo 5” Domicilio Fiscal” , quedando redactado do seguinte xeito:

##### “ARTIGO .5 DOMICILIO FISCAL

Salvo que unha norma regule expresamente a forma de determinar o domicilio fiscal, para xestionar un determinado recurso, a efectos recadatorios, o domicilio será:

- a) para as persoas naturais, o da súa residencia habitual. Non obstante, poderase considerar como domicilio fiscal o lugar onde estea efectivamente centralizada a xestión administrativa e a dirección das actividades desenvolvidas
- b) para as persoas xurídicas, e as entidades sen personalidade xurídica a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, o domicilio fiscal será o seu domicilio social, sempre que nel estea efectivamente centralizada a súa xestión administrativa e a dirección dos seus negocios. Noutro caso, atenderase ao lugar no que se leve a cabo dita xestión ou dirección
- c) As persoas xurídicas residentes no estranxeiro que desenvolvan actividades no termo municipal de Monforte, terán o seu enderezo fiscal no lugar no que radique a efectiva xestión administrativa e a dirección dos seus negocios.

O contribuínte poderá designar outro domicilio propio ou do seu representante, co fin de recibir no mesmo as notificacións

Os obrigados tributarios, así como os seus representantes, teñen que presentar á Administración Tributaria municipal, tanto o seu domicilio fiscal como os cambios que se produzan. A estes efectos, os prazos de presentación da comunicación de cambio de domicilio son os seguintes:

- a) As persoas físicas que desenrolen actividades económicas, así como as persoas xurídicas e o resto de entidades, deben cumprir a obriga de comunicar o cambio de domicilio, segundo o artigo 48.3 da LGT, no prazo de un mes a partir do momento no que se produza o cambio de domicilio fiscal.
- b) As persoas físicas que no realicen actividades económicas deben comunicar o cambio de domicilio no prazo de 3 meses a partir do momento no que se produza o cambio de domicilio fiscal.

A comunicación do novo domicilio fiscal terá efectos dende a presentación respecto da Administración Tributaria á que se houbese comunicado. A comunicación do cambio de domicilio fiscal a unha Administración tributaria só producirá efectos respecto do Concello cando dito cambio sexa coñecido por este. Ata ese momento serán válidas todas as actuacións e notificacións realizadas no domicilio inicialmente declarado á Administración actuante

A administración municipal pode rectificar o domicilio tributario dos obrigados mediante a comprobación pertinente.

A declaración de cambio de domicilio a outros efectos administrativos, como o padrón de habitantes, non substituirá a declaración expresa de cambio de domicilio fiscal “

3) Suprímese o segundo parágrafo antigo artigo 7 “Residencia no estranxeiro” que pasa a ser on ovo artigo 6 “Residencia no estranxeiro” quedando redactado do seguinte xeito:

##### “ARTIGO 6. RESIDENCIA NO ESTRANXEIRO

Os obrigados tributarios que residan no estranxeiro durante máis de seis meses de cada ano natural, están obrigados a designar un representante con enderezo en territorio español para os efectos das súas relacións coa administración do Concello”

4) Renumérase e modifícase o antigo artigo 11 “Padróns” que pasa a ser o novo artigo 7 “Padróns”, quedando redactado do seguinte xeito:

“ARTIGO 7 PADRÓNS

Serán obxecto de padrón, matrícula ou rexistro, a parte do que se estableza en cada ordenanza específica, as exaccións nas que, pola súa natureza, se produza unha continuidade dos presupostos determinantes da esixibilidade do tributo.

Os padróns, matrículas ou rexistros en soporte documental ou magnético deberán conter, ademais dos datos específicos que requira cada un deles segundo as características, os aspectos seguintes:

- Nome, apelidos, ou razón social ou denominación completa do obrigado tributario
- DNI ou NIF do obrigado tributario
- Domicilio Fiscal
- Finca, establecemento ou elemento obxecto da exacción
- Base Imponible- base liquidable
- Tipo de gravame
- Cota Tributaria

Os padróns fiscais expóranse ao público mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia.

O prazo de exposición ao público dos padróns será de vinte días contados a partir do primeiro día do período de pago voluntario dos respectivos tributos

Contra a exposición pública dos padróns e das liquidacións integrantes de estes, poderase interpoñer recurso de reposición, previo ao contencioso-administrativo, no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición pública do padrón “

5) Introdúcese o artigo 8 “Anuncios de cobranza” quedando redactado do seguinte xeito:

“ARTIGO 8 ANUNCIOS DE COBRANZA

Os anuncios del calendario fiscal regulado no artigo que segue poderá cumprir, ademais da función de dar a coñecer a exposición pública de padróns, a de publicar o anuncio de cobranza

Para que cumpra esta finalidade faranse constar tamén os seguintes extremos:

- a) prazos de ingreso
- b) modalidade de cobro utilizable
- c) lugares, días e horas de ingreso
- d) A advertencia de que, transcorrido o prazo de ingreso, as débedas serán esixidas polo procedemento de aprema e se debeñarán as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora e, no seu caso, as costas que se produzan “

6) Introdúcese o artigo 9 “Calendario Fiscal” quedando redactado do seguinte xeito:

“ARTIGO 9. CALENDARIO FISCAL

1. Con carácter xeral establécese que os períodos para pagar os tributos de carácter periódico serán os seguintes

a) Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica

Dende o día 11 de abril de 2012 ao 14 de xuño de 2012

b) Imposto sobre Actividades Económicas

Dende o día 17 de agosto de 2012 ao 18 de outubro de 2012

c) Taxa pola recollida de lixo

- Primeiro bimestre 2012..... Dende o día 20 de abril ao 22 de xuño de 2012
- Segundo bimestre 2012 ..... Dende o día 25 de xuño ao 27 de agosto de 2012
- Terceiro bimestre 2012 ..... Dende o día 28 de agosto ao 29 de outubro de 2012
- Cuarto bimestre 2012 .....Dende o día 30 de outubro 2012 ao 2 de xaneiro de 2013
- Quinto bimestre 2012 ..... Dende o día 3 de xaneiro de 2013 ato o 4 de marzo de 2013

- Taxa prestación do servizo escolas deportivas municipais

- Primeiro bimestre curso 2012-2013..... dende o 18 de outubro ata o 19 de decembro de 2012
- Segundo bimestre curso 2012-2013 ..... dende o 1 de marzo de 2013 ata o 2 de maio de 2013

d) Imposto sobre Bens Inmóbles e Resto de Taxas

Dende o día 24 de setembro de 2012 ao 26 de novembro de 2012

2.- As variacións nos períodos de pago sinalados no punto anterior serán aprobadas pola Xunta de Goberno Local

3.- O calendario fiscal publicárase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo

4.- Cando se modifique o período de cobro dun tributo de vencemento periódico, non será preciso notificar individualmente dita circunstancia”

7) Renúmérase e modifícase o antigo artigo 13 “Domiciliacións” que pasa a ser o novo artigo 10 “Domiciliacións”, quedando redactado do seguinte xeito:

#### “ARTIGO 10. DOMICILIACIÓNS

O pagamento dos tributos periódicos que son obxecto de notificación colectiva, poderán realizarse mediante domiciliación en establecementos bancarios ou caixas de aforros, trala solicitude á Administración Municipal

As domiciliacións de pagamento terán validez por tempo indefinido, podendo os obrigados ao pagamento en calquera momento anulalas. Así mesmo poderán trasladalas a outros establecementos, o que porán en coñecemento da Administración municipal dentro do prazo a que se refire o apartado seguinte

Poderase ordenar a domiciliación bancaria:

- a) nunha conta aberta nunha entidade de crédito cuxo titular sexa o obrigado ao pago
- b) nunha conta que non sexa de titularidade do obrigado, sempre que o titular de dita conta autorice a domiciliación. Neste suposto deberá constar fehacientemente a identidade e o consentimento do titular, así como a relación dos recibos que se domicilian

As solicitudes presentaranse antes da emisión dos padróns correspondentes”

8) Introdúcese o artigo 13 “Recadación” quedando redactado do seguinte xeito:

#### “ARTIGO 13. RECADACION

Para a cobranza dos tributos e das cantidades que como ingresos de Dereito Público, debe percibir a Administración Municipal, a mesma ostenta as prerrogativas establecidas legalmente para a Facenda do Estado, ao amparo do previsto no artigo 2.2 do RDL 2/2004, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais

Terán a consideración de costas do procedemento de prema aqueles gastos que se orixinen durante o deus desenrolo. As costas serán a cargo do debedor a quen lle serán esixidas .

Ademais das enumeradas no artigo 113 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación estarán comprendidas como costas do procedemento, entre outras, as seguintes:

- a) os gastos orixinados polas notificacións que imprescindiblemente teñan que realizarse no procedemento administrativo de prema
- b) Os honorarios de empresas e profesionais, alleos á Administración, que interveñan en valoracións, deslindes e alleamento dos bens trabados
- c) Os honorarios dos Rexistradores e outros gastos que teñan que aboarse polas actuacións nos Rexistros Públicos
- d) Os gastos motivados polo depósito e administración de bens embargados
- a) Os demais gastos que esixe a propia execución”

9) Introdúcese o artigo 14 “Aprazamentos e fraccionamentos. Normas xerais” quedando redactado do seguinte xeito:

#### “ARTIGO 14 . APRAZAMENTOS E FRACCIONAMENTOS. NORMAS XERAIS

1. O pagamento das débedas tributarias e demais de dereito público poderá aprazarse ou fraccionarse só nos casos e na forma que se determina na presente ordenanza.

2. Os aprazamentos e fraccionamentos concederáos a Administración municipal tras a petición dos obrigados ó pagamento, de conformidade coas regras dos artigos seguintes.

3. Segundo o disposto no artigo 46 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, as débedas aprazadas ou fraccionadas deberán garantirse, preferentemente, mediante aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución, coas salvedades reguladas no artigo 82 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

4. As cantidades aprazadas que estiveran garantidas cos medios citados no punto anterior, debeñarán xuro de demora na contía do xuro legal.

5. A presentación dunha solicitude de aprazamento ou fraccionamento en período voluntario impedirá o inicio do período executivo, pero non o deus do xuro de demora.

DÉBEDAS TRIBUTARIAS APRAZABLES

1. Poderá aprazarse o pagamento da débeda, tanto en período voluntario como executivo, tras a petición dos obrigados cando a súa situación económica-financeira lles impida, transitoriamente, efectuar o pagamento dos seus débitos.

2. É obrigatorio acumular a totalidade da débeda pendente, tributaria ou non, que teña un mesmo contribuínte en período executivo. Asemade, poderán acumularse os cargos que se atopen en situación de pago voluntario a petición do contribuínte.

3. O fraccionamento de pagamento, como modalidade de aprazamento, será rexido polas normas aplicables a este no que non estea regulado especialmente.

4. O acordo de concesión especificará a clase de garantía que o solicitante deberá aportar ou, no seu caso, a dispensa desta obriga.

5. As débedas poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de doce meses ou mensuralidades.

6. Na concesión de fraccionamentos, se esixirá a domiciliación do pago das sucesivas fraccións.

7. Documentación a achegar, acreditativa da falta de tesourería do peticionario::

a) Persoas físicas:

· Copia da autoliquidación do imposto sobre a renda das persoas físicas referida o período impositivo inmediatamente anterior, con prazo de presentación ante a axencia tributaria vencido, á data da solicitude. En caso de non poder aportar dita copia, calquera outro medio de proba que acredite de forma fehaciente a presentación e contido de dita liquidación.

No caso de contribuíntes non obrigados a presentar a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas, a acreditación da percepción de ingresos se fará mediante certificados de retencións expedidos polos distintos pagadores dos distintos rendementos obtidos, ben de traballo, ben mobiliarios, ben inmobiliarios, etc. En defecto dos anteriores calquera outro medio que acredite fehacientemente a realidade e cuantía dos ingresos como relación dos derradeiros movementos en contas xunto coa declaración responsable de non posuír outras contas, fondos de inversión, etc.

· Certificación de conta bancaria para a domiciliación.

Non se resolverá favorablemente a concesión de aprazamento ou fraccionamento cando os ingresos do titular das débedas superen, en cómputo anual, o dobre e medio do Salario Mínimo Profesional para o ano correspondente á declaración do imposto presentada ou da documentación aportada.

No caso de autónomos non se resolverá favorablemente a concesión de aprazamento ou fraccionamento cando os beneficios do titular das débedas superen, en cómputo anual, o dobre e medio do Salario Mínimo Profesional para o ano correspondente á declaración do imposto presentada ou da documentación aportada

b) Persoas xurídicas:

· Balance de situación e conta de perdas e ganancias do último exercicio pechado.

· Copia, debidamente compulsada, do Imposto sobre sociedades correspondente ó último exercicio económico presentado

· Copia, debidamente compulsada, da escritura de constitución da sociedade.

· Certificación de conta bancaria para a domiciliación.

8. O ingreso dos prazos deberá efectuarse nas datas establecidas nos acordos de concesión de aprazamento ou fraccionamento, que serán sempre o día 5 ou 20 do mes a que se refiran.

9. Na petición de aprazamento ou fraccionamento farase constar, ademais dos datos identificativos do suxeito pasivo e da débeda, os prazos e restantes condicións que se solicitan, e a garantía que se ofrece de entre as que constan no artigo seguinte desta ordenanza, así como o número de conta bancaria para a súa domiciliación das fraccións. Á solicitude achegaráselle a documentación que determine a norma regulamentaria de aplicación”

10) Introdúcese o artigo 15 “Garantías para aprazamento ou fraccionamento ” quedando redactado do seguinte xeito:

#### “ARTIGO 15 . GARANTÍAS PARA APRAZAMENTO OU FRACCIONAMENTO

1. Como regra xeral, o solicitante deberá ofrecer garantía en forma de aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución. En todo caso achegarase coa solicitude o correspondente compromiso expreso e irrevogable da entidade de formalizar o aval necesario no caso de que o aprazamento fose concedido. O aval deberá achegarse no prazo de trinta días seguintes ó da notificación do acordo de concesión.

2. Cando se xustifique que non é posible obter o aval, ou certificado, ou que con isto se compromete seriamente a viabilidade da actividade económica, o órgano competente poderá admitir algunha das seguintes garantías:

- a) Hipoteca inmobiliaria ou mobiliaria.
- b) Prenda con ou sen desprazamento.
- c) Fianza persoal e solidaria dun veciño do municipio.

Deberá acompañar á solicitude declaración responsable e informe xustificativo da imposibilidade de obter o aval, no que consten as xestións efectuadas ó respecto debidamente documentadas.

3. Non se esixirá garantía cando a contía da débeda a aprazar ou fraccionar non exceda de 6.000,00 euros.

4. A garantía cubrirá o importe do principal e dos xuros de demora que xere o aprazamento, máis un 25 por cento da suma de ambas partidas.

5. A garantía constituída mediante aval deberá ser por termo que exceda, cando menos, en seis meses ó vencemento do prazo ou prazos garantidos”

11) Introdúcese o artigo 16 “Tramitación e resolución ” quedando redactado do seguinte xeito:

#### “ARTIGO 16 . TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN

1. A Tesourería do Concello tramitará as solicitudes de aprazamento ou fraccionamento examinando e avaliando a falta de liquidez e a capacidade para xerar recursos conforme ó disposto nas normas regulamentarias de aplicación, formulando a correspondente proposta de resolución ó órgano competente para a súa aprobación.

Presentada a solicitude de aprazamento, se existise algún defecto na petición ou na documentación aportada, ou se houbera omitido o ofrecemento de garantía ou algún dos documentos que houberan de presentarse de acordo co presente artigo, se concederá ó interesado un prazo de 15 días contados a partir do seguinte á notificación do requirimento para que subsane o defecto ou aporte os documentos con indicación de que, de non atender o requirimento no prazo sinalado, se terá por non presentada a solicitude e se arquivará sen máis trámite.

Se a solicitude de aprazamento ou fraccionamento e a documentación preceptiva a que se refire este artigo non presentasen defectos ou omisións, ou se estes houberan sido subsanados en prazo, se procederá, previos os trámites oportunos, a ditar resolución expresa, sen que proceda ditar providencia de constrinximento, aínda cando tivera transcorrido o prazo de pago en período voluntario, hasta que no sexa resolta a petición.

2. Salvo circunstancias excepcionais apreciadas polo órgano que resolva, denegaranse as seguintes solicitudes:

- a) As de reconsideración de aprazamentos resoltos segundo os presentes criterios e que non estean debidamente fundadas, tendo como única finalidade demorar o cumprimento da obriga tributaria.
- b) As presentadas por contribuíntes que incumpriran aprazamentos concedidos ou non formalizaran as garantías.
- c) As inferiores a 300 euros.
- d) As de vencemento periódico e notificación colectiva, cando se atopen en período voluntario de cobro.

3. A resolución notificarase conforme a normativa regulamentaria de aplicación xunto co cálculo de xuros e procedemento en caso de falta de pagamento.

4. A resolución deberá adoptarse no prazo de seis meses a contar dende o día en que a solicitude tivo entrada oficial no Rexistro Xeral do Concello. Transcorrido este prazo poderá entenderse desestimada a solicitude “

12) Introdúcese o artigo 17 “Cálculo de xuros en aprazamentos e fraccionamentos” quedando redactado do seguinte xeito:

#### “ARTIGO 17 . CÁLCULO DE XUROS EN APRAZAMENTOS E FRACCIONAMENTOS

1. As cantidades que se apracen ou fraccionen debeñarán o xuro de demora regulado no artigo 26 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria e 17 da Lei Xeral Presupuestaria, segundo se trate de débedas tributarias ou non tributarias, respectivamente, que será o xuro legal que corresponda ata a data do seu ingreso.

2. No caso de concesión de aprazamento, os xuros de demora calcularanse sobre a débeda aprazada polo tempo comprendido entre o vencemento do período voluntario e o vencemento do prazo concedido. Se o aprazamento foi solicitado en período executivo a base para o cálculo de intereses non incluírá o recargo do período executivo que corresponda. Os xuros debeñados deberán ingresarse xunto coa débeda aprazada.

3. No caso de fraccionamentos, calcularanse xuros de demora por cada fracción de débeda, computándose o tempo dende o vencemento do período voluntario ata o vencemento do prazo de ingreso concedido para cada fracción. Os xuros debeñados por cada fracción deberán pagarse xunto coa fracción no prazo de ingreso desta. Se o fraccionamento foi solicitado en período executivo a base para o cálculo non incluírá o recargo do período executivo que corresponda.

4. En caso de denegación de aprazamento ou fraccionamento de débedas:

a) Se foi solicitado en período voluntario, liquidaranse xuros de demora polo período transcorrido dente o vencemento do período voluntario ata a data da resolución denegatoria.

b) Se fose solicitado en período executivo liquidaranse xuros unha vez efectuado o pagamento de acordo co establecido na normativa regulamentaria de aplicación.

13) Introdúcese o artigo 18 “Prazos de ingreso, Forma de pagamento e efectos da falta de pagamento” quedando redactado do seguinte xeito:

“ARTIGO 18 . PRAZOS DE INGRESO, FORMA DE PAGAMENTO E EFECTOS DA FALTA DE PAGAMENTO

1. O ingreso dos prazos deberá efectuarse nas datas establecidas nos acordos de concesión de aprazamento ou fraccionamento, que serán sempre o día 5 ou 20 do mes a que se refiran.

2. Esixirase a domiciliación das sucesivas fraccións en entidades bancarias e caixas de aforro.

3. Nos aprazamentos e fraccionamentos, se chegado o vencemento do prazo concedido ou fraccionado non se efectuase o pagamento procederase a exacionar a débeda pola vía de constrinximento ou ben a executar a garantía de conformidade co disposto no artigo 168 da Lei 58/2003 xeral tributaria e normativa regulamentaria de aplicación”

14) Introdúcese o artigo 19 “Compensación” quedando redactado do seguinte xeito:

“ARTIGO 19 . COMPENSACIÓN

1. As débedas coa Facenda municipal poderán extinguirse total ou parcialmente por compensación, tanto en período voluntario como executivo cos créditos recoñecidos por ela a favor do debedor.

2. As débedas a favor do Concello, cando o debedor sexa un ente territorial, organismo autónomo, Seguridade Social ou entidade de dereito público nos que a súa actividade non se rexa polo ordenamento privado, serán compensables de oficio, unha vez transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, segundo o procedemento establecido na normativa regulamentaria de aplicación.

3. Cando un debedor á Facenda municipal, non comprendido no punto anterior, sexa á vez acredor dela por un crédito recoñecido, transcorrido o período voluntario, compensarase de oficio a débeda e os recargos do período executivo que procedan, co crédito. A compensación seralle notificada á persoa interesada.

4. Cando unha liquidación da que se ingresou o seu importe sexa anulada e substituída por outra, poderase diminuír esta na cantidade previamente ingresada”

15) Introdúcese o artigo 20 “Compensación a instancia do suxeito pasivo ” quedando redactado do seguinte xeito:

“ARTIGO 20 . COMPENSACIÓN A INSTANCIA DO SUXEITO PASIVO

1. O debedor que solicite a compensación deberá dirixirle ó Concello a correspondente solicitude que conterà os seguintes requisitos:

a) Nome e apelidos ou razón social completa, número de identificación fiscal e enderezo fiscal do obrigado tributario.

b) Débeda tributaria á que se refire a compensación e o seu importe, data de vencemento do prazo de ingreso voluntario.

c) Crédito contra o Concello que se ofrece compensar, o seu importe e natureza.

d) Declaración expresa de non ter transmitido ou cedido o crédito a outra persoa.

2. O Alcalde- Presidente ou órgano en quen delegue acordará ou denegará a compensación no prazo máximo de seis meses”

ORDENANZA 1.2 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

1) Modifícase o artigo 2 “Tipos de Gravame” quedando redactado do seguinte xeito :

“ARTIGO 2º.- TIPOS DE GRAVAME

De conformidade co previsto no artigo 72 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable ao municipio de Monforte de Lemos queda fixado nos seguintes termos:

1. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable aos bens de natureza urbana queda fixado no 0, 45%
2. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable aos bens de natureza rústica queda fixado no 0, 38%

3. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóbles aplicable aos bens de características especiais queda fixado no 1, 3%”

2) Modifícase o artigo 3 “Exencións” quedando redactado do seguinte xeito :

#### **“ARTIGO 3º.- EXENCIONES**

Ademais dos bens inmóbles do ARTIGO 62 .1 e 2 do, R.D. legislativo 2/2004 de 5 de marzo, estarán exentos, por criterios de eficiencia e economía na xestión recadatoria do tributo, os seguintes inmóbles:

1.- Inmóbles urbanos nos que a cota líquida non supere o importe de 6 euros.

2.- Inmóbles rústicos nos que as cotas agrupadas relativas a un mesmo suxeito pasivo non superen o importe de 3 euros.

Así mesmo, previa solicitude, estarán exentos os bens inmóbles de que sexan titulares, nos termos previstos na normativa reguladora das facendas locais, as entidades sen fins lucrativos as que se refire a Lei 49/2002, de 23 de decembro, de Réxime Fiscal das Entidades sen Fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado, conforme ao establecido polo Real Decreto 1270/2003, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento para a aplicación do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado

A súa aplicación estará condicionada que as entidades sen fins lucrativos comuniquen ao Concello que se acollen ao réxime especial establecido por tales entidades e ao cumprimento dos requisitos e supostos de feito relativos ao mesmo, debendo achegar coa solicitude certificado que os inmóbles para os cales se solicita a exención non se atopan afectos a explotacións económicas non exentas do Imposto sobre Sociedades”

3) Engádase último parágrafo, detallado no seguinte xeito, ao artigo 5 “Período impositivo e deveción” :

“As variacións de orden físico, económico ou xurídico que se produzan nos bens gravados terán efectividade dende o día primeiro do ano seguinte, podendo incorporarse no padrón correspondente a este período ditas variacións se das mesmas non derivase modificación da base imponible “

4) Modifícase o artigo 6 “Réxime de declaracións, comunicacións e solicitudes” quedando redactado do seguinte xeito :

#### **“ARTIGO 6. REXIME DE DECLARACIONES, COMUNICACIONES E SOLICITUDES**

1. Os suxeitos pasivos que sexan titulares dos dereitos constitutivos do feito imponible están obrigados a declarar as circunstancias determinantes dunha alta, baixa ou modificación da descrición catastral dos inmóbles, agás nos supostos de comunicación o de solicitude previstos nos apartados seguintes:

2. Serán obxecto de declaración ou comunicación, segundo ocorra, os seguintes feitos, actos ou negocios:

- a) a realización de novas construcións e ampliación, rehabilitación, demolición ou derribo das xa existentes, xa sexa parcial ou total. Non se considerarán como tal as obras ou reparacións que teñan por obxecto a simple conservación e mantemento dos edificios, e as que afecten só a características ornamentais ou decorativas
- b) a modificación do uso ou destino e os cambios de clase de cultivo ou aproveitamento
- c) a segregación, división, agregación e agrupación dos bens inmóbles
- d) a adquisición da propiedade por calquera título, así coma a súa consolidación
- e) a constitución, modificación ou adquisición da titularidade dunha concesión administrativa e dos dereitos reais de uso de fruto e de superficie
- f) as variacións na composición interna o una cota de participación dos copropietarios ou os cotitulares das entidades do artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria
- g) os actos de planeamento e de xestión urbanísticos que se determinen regulamentariamente

2. O prazo de presentación das declaracións será de dous meses contados dende o día seguinte ao do feito, acto ou negocio obxecto da declaración, a cuxo efecto atenderase a data de determinación das obras, ao do outorgamento da autorización administrativa da modificación de uso o destino e da data da escritura pública ou, no seu caso documento no que se formalice a modificación de que se trate

3. Serán obxecto de solicitude:

- a) Solicitude de baixa, que poderá formular quen, figurando como titular cesase no dereito que orixinou esta titularidade
- b) Solicitude de incorporación de titularidade, que poderá formular o propietario dun ben afecto a unha concesión administrativa ou gravado por un dereito real de superficie ou de uso de fruto
- c) Solicitude de incorporación de cotitulares cando resulte procedente
- d) As declaracións e solicitudes poderanse presentar no Concello o na Xerencia Territorial do Catastro

4.- As declaracións de modificación de titularidade xurídica do ben poderanse presentar ante o Concello, acompañadas de copia da escritura pública que formaliza a transmisión.

O interesado quedará exento da obriga de presentar a declaración, cando a transmisión supoña exclusivamente a adquisición ou consolidación da propiedade da totalidade do inmóble, se formalice en escritura pública ou se solicite a súa inscrición no Rexistro da Propiedade no prazo de dous meses dende o acto

traslativo do dominio, sempre que, ademais se acredite a referencia catastral mediante achega dun dos documentos seguintes

- a) Certificación catastral emitida pola Dirección Xeral do Catastro ou polo órgano que actúe por delegación
- b) Último recibo pagado do Impostos obre Bens Inmóbles

Se o Concello coñece a modificación da titularidade por obter información de notarios ou de Rexistradores da Propiedade, o ben porque o interesado presenta declaración, modificará a súa base de datos e, no formato establecido, trasladará as variacións ao Catastro

5. Para a tramitación das licenzas de primeira ocupación dos inmóbles, o Concello esixirá a acreditación da presentación da declaración catastral da nova construción”

#### ORDENANZA FISCAL 1.3 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS

1) Modifícase o segundo parágrafo do artigo 6. “Cota Tributaria” quedando redactado do seguinte xeito :  
“ARTIGO 6ª.- COTA TRIBUTARIA

1.-A cota tributaria será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame do 2 %.

2.- En ningún caso, a cota tributaria pode resultar inferior ás cotas mínimas seguintes que serán aplicables, en calquera caso, cando as derivadas da aplicación do tipo determinado no punto 1 deste ARTIGO sexa inferior ás cotas mínimas.

#### COTAS MINIMAS

Para obras de nova planta .....130,66€

Para obras menores de reforma e reparación ou peche ... .....65,32€ “

2) 2) Modifícase ANEXO 1 quedando redactado do seguinte xeito :

#### ANEXO 1

#### CUSTO DE EXECUCIÓN DE OBRAS MENORES

##### A.- SOBRE SUPERFICIE COMPUTABLE EUROS

1.- M2 Construcción de galpón, cobertizo ou alpendre	161,68
2.- M2 obras de reforma en:	
2.1- Vivendas	291,53
2.2- Oficinas	288,25
2.3- Locais comerciais	325,81
2.4- Locais de hostelería	366,65
3.- Peches, prezo por metro lineal	40,76

##### B.- SOBRE UNIDADES DE OBRA

1.- U Pozo de agua	2.259,15
2.- U. Instalación de fosa séptica	1.469,86
3.- U Instalación completa de calefacción en vivienda	4.409,60
4.- U Instalación rede eléctrica en vivienda	2.245,64
5.- Instalación de ascensor no edificio de baixo e tres alturas	11.840,62
6.- Incremento por planta de instalación de ascensor	1.551,52
7.-U. Instalación de grúa	1.592,35

#### ORDENANZA 1.4 REGULADORA DO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

1) Modifícase o artigo 2. “ Suxeitos Pasivos” quedando redactado do seguinte xeito :

##### “ARTIGO 2º.- SUXEITOS PASIVOS

1.- Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as entidades as que se refire o ARTIGO 35.4 da Lei xeral tributaria a nome dos cales conste o vehículo no permiso de circulación.

2.- Os obrigados tributarios que non residan en España teñen a obriga de nomear un representante legal con domicilio no territorio español que deberán comunicar ao Concello antes do primeiro deveso do imposto posterior a alta no rexistro de contribuíntes”

2) Modifícase o artigo 4. “ Exencións” quedando redactado do seguinte xeito :

##### “ARTIGO 4º.- EXENCIONES

1.- Constituirán supostos de exención os establecidos como de concesión obrigatoria no R. D- legislativo 2 / 2004 de 5 de marzo

2.- Para poder obte-las exencións a que se refiren os parágrafos e) e g) do apartado 1 do ARTIGO 93 R. D- legislativo 2 / 2004 de 5 de marzo , os interesados deberán insta-la súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e a causa do beneficio e acreditar, presentando a documentación na que consten a realidade do alegado

3.- Xunto coa petición de exención regulada no parágrafos e) do apartado 1 do ARTIGO 93 do R. D- legislativo 2 / 2004 de 5 de marzo os interesados deberán achegar a seguinte documentación :

- Certificado do grao de minusvalía expedido polo órgano competente acreditando unha minusvalía legal igual ou superior ao 33 %
- Permiso de condución (anverso e reverso)do minusválido ou do conductor habitual
- Permiso de circulación a nome do minusválido
- Póliza do seguro do vehículo na que figure o conductor habitual do mesmo
- Ficha técnica do vehículo
- Declaración ou manifestación do uso exclusivo do vehículo para o transporte do beneficiario da exención
- Fotocopia do DNI do minusválido e do conductor habitual do vehículo.

Para a xustificación do destino do vehículo para o uso da persoa con minusvalía deberán cumprirse os seguintes requisitos:

A) No caso da condución do vehículo polo propio minusválido:

- Na póliza do seguro deberá constar como único condutor o propietario do vehículo
- Declaración ou manifestación de uso exclusivo debidamente asinada

B) No caso da condución do vehículo por terceiras persoas para o transporte do minusválido

- Na póliza do seguro deberá constar como conductor unha persoa distinta ao propietario do vehículo
- Declaración ou manifestación de uso exclusivo debidamente asinada”

4.- A falsedade ou inexactitude da declaración ou manifestación a que se fai referencia no punto 3 anterior , constituirá infracción grave , de conformidade co previsto no ARTIGO 194 da Lei xeral tributaria , polo que dará orixe ao correspondente expediente sancionador nos termos establecidos legalmente

5.- .As exencións que no seu caso se concedan en calquera dos anteriores apartados, non serán aplicables ós suxeitos pasivos beneficiarios das mesmas por máis dun vehículo simultaneamente.

6.-Xunto coa petición de exención regulada no parágrafo g) do apartado 1 do ARTIGO 93 do R. D. Legislativo 2/ 2004 de 5 de marzo , os interesados deberán achegar a seguinte documentación:

- Ficha técnica do vehículo.
- Cartilla agrícola do vehículo.

7.- A notificación na que se resolva a concesión da exención servirá de documento acreditativo da súa existencia”

3) Modifícase o artigo 6. “ Cota Tributaria” quedando redactado do seguinte xeito :

##### “ARTIGO 6º.- COTA TRIBUTARIA

De conformidade co artigo 95.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004,de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Monforte de Lemos fixa as seguintes tarifas anuais:

#### 1. Turismos:

1.1 De menos de 8 cabalos fiscais	15,79
1.2 De 8 ata 11,99 cabalos fiscais	42,64
1.3 De máis de 12 ata 15,99 cabalos fiscais	90,00
1.4 De máis de 16 ata 19,99 cabalos fiscais	112,12
1.5 De mais de 20 cabalos fiscais adiante	140,13
<b>2. Autobuses</b>	
2.1 De menos de 21 prazas	104,23
2.2 De 21 a 50 prazas	148,44
2.3 De máis de 50 prazas	185,55
<b>3. Camións</b>	
3.1 De menos de 1.000 Kg. de carga útil	52,90
3.2 De 1.000 a 2.999 Kg. de carga útil	104,23
3.3 De máis de 2.999 a 9.999 Kg. de carga útil	148,44
3.4 De máis de 9.999 Kg. de carga útil	185,55
<b>4. Tractores</b>	
4.1 De menos de 16 cabalos fiscais	22,11
4.2 De 16 a 25 cabalos fiscais	34,76
4.3 De máis de 25 cabalos fiscais	104,23
<b>5. Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:</b>	
5.1 De menos de 1.000 e máis de 750 Kg. de carga útil	22,11
5.2 De 1.000 e 2.999 Kg. de carga útil	34,76
5.3 De máis de 2.999 Kg. de carga útil	104,23
<b>6. Outros vehículos</b>	
6.1 Ciclomotores	5,53
6.2 Motocicletas ata 125 c.c.	5,53
6.3 Motocicletas de máis de 125 c.c. ata 250 c.c.	9,47
6.4 Motocicletas de máis de 250 c.c. ata 500 c.c.	18,95
6.5 Motocicletas de máis de 500 c.c. ata 1000 c.c.	37,91
6.6 Motocicletas de máis de 1.000 c.c.	75,80

A potencia fiscal expresada en cabalos fiscais establececes de conformidade co disposto no anexo V do Regulamento xeral de Vehículos RD2.822/1998 de 23 de decembro , salvo disposición legal en contra para a determinación das diversas clases de vehículos se estará ao que dispoña o Regulamento xeral de vehículos .

**ORDENANZA FISCAL 1.5 REGULADORA DO IMPOSTO MUNICIPAL SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.**

Modifícase o artigo 5. “ Bonificacións” quedando redactado do seguinte xeito :

**“ARTIGO 5.- BONIFICACIÓNS**

De acordo coa posibilidade establecida no ARTIGO 108 punto 4 do R.D. legislativo 4 / 2004 de 5 de marzo, establécense as seguintes bonificacións :

1) Nas transmisión ou constitución de dereitos reais de goce limitativos de dominio realizados a título gratuito por causa de morte a favor dos descendentes e adoptados, cónxuxes e ascendentes e adoptantes , sempre e cando o ben ou dereito obxecto da transmisión vaia ser destinado a vivenda habitual do receptor. :

1.a ) Bonificación do 50% na cota íntegra do Imposto para aqueles bens ou dereitos cun valor catastral inferior a 48.919,62€

1.b) Bonificación do 25% para aqueles bens ou dereitos cun valor catastral superior ou igual a 48.919,62€

No caso de que se transmita a propiedade, dentro dos 4 anos seguintes, contados dende a defunción do causante, liquidarase a parte da cota que estivo bonificada”

ORDENANZA 2.2 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS NO CEMITERIO MUNICIPAL,  
CONDUCCIÓN DE CADÁVERES E OUTROS SERVICIOS FÚNEBRES

1) Modifícase o artigo 6. “ Cota Tributaria” (Letras A - B - C- D -E ), quedando a redacción dos apartadas A-B- C- D.- E do seguinte xeito:

**A. CONCESIÓN**

1	De terreos para construción de nichos:	
1.1	Temporais mais dez anos e ata 75 anos	
	1.1.1.- Por terreos para a construción de dúas alturas	765,62
	1.1.2.- Por terreos para a construción de tres alturas	1.148,47
	1.1.3.- Ocos para depósitos de restos de incineracion	535,94
1.2	Temporais ata dez anos:	
	1.2.1.- Por cada sepultura	114,85
2.	De terreos para a construción de panteóns:	
	2.1.1.- Por cada concesion	3.828,00
3.	De nichos construídos polo Concello:	
3.1.	A perpetuidade ou por tempo indefinido	
	3.1.1.- Por cada cabida do piso primeiro	180,59
	3.1.2.- Por cada cabida do piso segundo	229,68
	3.1.3.- Por cada cabida do piso terceiro	153,12
3.2.	Temporais ata dez anos	
	3.2 1.- Por cada cabida do piso primeiro	114,85
	3.2.2.- Por cada cabida do piso segundo	129,97
	3.2.3.- Por cada cabida do piso terceiro	76,56

**B. ALUGUEIROS**

De ocos para depósitos de cinsa, por incineración de cadáveres,  
por un tempo máximo de dez anos, pagarán ó ano 57,43

**C. ATENCIÓN NO CEMITERIO:**

Por cada sepultura, cabida, oco ou altura, pagarán ó ano 3,29

**D. LICENCIAS DE OBRAS E INSTALACIÓN:**

1.-	Obras:	
	1.1. Nichos:	
	1.1.1.- De dúas cabidas	76,56
	1.1.2.-De tres cabidas	95,71
	1.2. Panteóns:	

Por cada construción	382,84
1.3 Por cada calquera tipo de instalación complementaria	5,75

#### E. LICENCIAS PARA INHUMACIÓNS E TRASLADOS:

Inhumacións:

1.2.- En panteóns:

1.2.1. Sencapela 114,85

1.2.2 Concapela 220,04

1.3.- En criptas 57,43

1.4.-En nichos 56,77

1.5.-En sepulcros 38,28

2.- Traslados:

2.1.- Dentro do cemiterio 57,43

2.2.- Exhumacións para traslados a outros Cemiterios 114,85

2) Modifícase o artigo 8. "Deveño e pago" quedando redactado do seguinte xeito :

e) "ARTIGO 8º.- DEVEÑO E PAGO

1.- A taxa, en canto ao referente no artigo 6. C (atencións no cemiterio) ten o carácter anual e acreditarase o primeiro día de xaneiro de cada ano, agás no caso das altas que deveñaranse no momento da súa concesión ou/e autorización da construción. A cota será irreducible.

Os cambios de titularidade da concesión producidos durante o exercicio e as baixas só producirán efectos para o exercicio seguinte. A xestión deste concepto farase mediante Padrón.

O deveño da taxa e a obriga de contribuír nos supostos regulados nas letras A, D e E prodúcese no momento da prestación dos servizos suxeitos a gravame, entendéndose, para estes efectos, que dita iniciación prodúcese coa solicitude daqueles.

Nestes casos os suxeitos pasivos solicitarán a prestación dos servizos de que se trate e efectuarán o ingreso do importe en réxime de autoliquidación

Nos supostos regulados na letra F anterior o deveño prodúcese no momento do outorgamento da respectiva licenza/autorización

f) 2.- Ante a falta de pagamento da cota anual polo concepto de ATENCIÓNS NO CEMITERIO, o Concello tramitará o correspondente expediente para determina-la caducidade das correspondente concesións administrativas e reverte-las mesmas ó Concello.

b) Dito expediente, salvo precepto legal que estableza outro procedemento será o seguinte: consistirá na notificación individual ós interesados concedendo un prazo de quince días para o pagamento dos importes correspondentes así como as recargas, gastos e xuros que procedan; de non ser posible a notificación individual, substituirase esta pola notificación colectiva mediante anuncio no Boletín Oficial desta Provincia"

#### ORDENANZA FISCAL 2.3 REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DE LIXO.

1) Modifícase o artigo 6. "Cota tributaria" quedando redactado do seguinte xeito :

"ARTIGO 6º.- COTA TRIBUTARIA

